

Árdell'o eixo  
e árdell'o carro  
árdell'o eixo  
e manda carallo.

Hai que mollalo, Maruxa,  
hai que mollalo.  
Árdell'o eixo  
e árdell'o carro.

Esta noite fun ó muiño,  
nin muín nin muiñei-e;  
deiteime cunha nena;  
eso foi o que ghanei-e.  
Ai lala...

O muiño troula, troula;  
a augha faino troular-e;  
/: as fillas do muiñeiro  
rabea por se casar-e. :/

Heiche de da-lo boi louro  
a maila vaca marela,  
/: a maila filla máis nova  
pa que te cases con ela.  
(se non quere-la mais vella) :/

Sulteiriño non te cases;  
mira que ch'ha de pasar-e;  
/: a vida do sulteiriño  
é moi mala d'olvidar-e. :/

Sulteiriña non te cases:  
deixas quedar boa vida;  
eu ben sei dunha casada  
que chora d'arrepentida.

O amor da costureira  
era papel e mollouse,  
/: aghora costureiriña  
u teu amor acabouse. :/



**Museo  
do Pobo  
Galego**



instituto de  
estudos das  
identidades

Ehí vos vai a despedida,  
ehí vos vai a do remate.  
O que digha que vai mal  
que mala centella o mate.

(Aturuxo)